



EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

## RESOLUCION DE ALCALDÍA

Vista a resolución da alcaldía de data 09/12/2019 e número 2019-1438 que ten por obxecto a aprobación das bases para a concesión de Axudas de estudos para ensinanzas musicais curso 2019/2020 .

Vista a necesidade de completar o dito decreto nº 2019-1483, no senso de incluír o texto completo das bases particulares reguladoras da convocatoria de , "BECAS DE ESTUDIO PARA ENSINANZAS MUSICAIS, CURSO 2019/2020"

Este Alcalde, de conformidade coas atribucións que me confire a lexislación vixente, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Completar o decreto nº 2019-1483, no senso de incluír o texto completo das bases particulares reguladoras da convocatoria de , "BECAS DE ESTUDIO PARA ENSINANZAS MUSICAIS, CURSO 2019/2020" , co seguinte tenor literal :

“ BASES PARTICULARES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE BECAS DE ESTUDIO PARA ENSINANZAS MUSICAIS CURSO 2019-2020

O Concello de Tui dende fai anos ben realizando o programa de axudas municipais para ensinanzas musicais, como medio para axudar algunhas familias deste termo municipal con baixo nivel de ingresos, mediante a concesión en réxime de concorrencia competitiva.

O texto íntegro das presentes bases estará dispoñible no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na súa páxina web(www.tui.gal) e no Taboleiro principal da Escola Municipal de Música polo prazo de 20 días dende a data de aprobación da presente convocatoria, sendo remitido ao BOPPO un extracto das mesmas. Asemade os mestres de ensinanzas musicais do Conservatorio Profesional e da Escola de Música Municipal encargaranse de darlle a publicidade necesaria para que tódolos alumnos/as teñan coñecemento da presente convocatoria.

1ª.- OBXECTO, BENEFICIARIOS/AS, APLICACIÓN PRESUPOSTARIA E LIMITES Á CONCESIÓN DE AXUDAS:

As axudas municipais de ensinanzas musicais, para alumnos/as do Conservatorio Grao Profesional e Escola de Musica para o curso2019-2020, vai destinado a persoas matriculadas no Conservatorio de Grao Profesional e na Escola de Musica deste termo municipal, pertencentes a unidades familiares con ingresos brutos anuais ponderados segundo o descrito no apartado 5ª.-Determinación e ponderación de ingresos, e que non superen 3 veces o IPREM (22.558,77 €).

Os obxectivos son:

- 1.-Chegar a aquelas familias que realmente precisen desta axuda.
- 2.-Que os alumnos/as pertencentes a familias cun baixo nivel de ingresos teñan acceso a beca.
- 3.-Realizar un seguimento daquelas familias que se detecten de alto risco.
- 4.-Análises da poboación demandante e valoración das súas necesidades.

As axudas que se concedan financiaranse con cargo á partida de gastos 2019/1/326/48102/01 do orzamento municipal na contía total máxima de 7.000,00€; concedendo as axudas por orden de puntuación e ata o límite máximo do crédito orzamentario.

2ª.-REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES:

- 1.- Estar matriculados/as ou ter fillos/as matriculados/as no Conservatorio de Grao Profesional e/ou na Escola de Música Municipal.
- 2.-Estar empadroad/a en Tui, tanto a persoa solicitante como no caso de menores ó pai/nai ou titor/a legal se os tivera, así como os nenos/as para os/as que se solicita a beca, con anterioridade á data de publicación destas bases.

Página 1 de 6





EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

- 3.-Que a familia non supere os ingresos brutos estipulados.
- 4.-Non ser beneficiario/a doutras entidades ou organismos públicos ou privados de axudas por este concepto; e non superar o límite de axudas establecido.
- 5.- Ter o curso completo aprobado (referido ao período lectivo 2018-2019), agás para os que inicien os estudos neste período lectivo, os cales deberán estar matriculados na totalidade de materias correspondentes ao primeiro ano.
- 6.- Comunicar a solicitude ou obtención de subvencións axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público, nacional e /ou internacional
- 7.- De incumprir algún destes requisitos arquivarase o expediente sen máis trámite.

3ª.-DOCUMENTACION A PRESENTAR:

a) Solicitude, en modelo oficial, no rexistro xeral deste Concello, o prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios desta Casa Consistorial, e do Conservatorio Municipal así como na súa páxina web(www.tui.gal)

b) Fotocopia do D.N.I., NIE, Pasaporte ou documento análogo, da persoa que actúa como solicitante e das persoas que convivan con el maiores de 16 anos. (en vigor)  
No caso de NIE este terá que presentarse por tódalas persoas residentes no domicilio indistintamente da idade dos mesmos.

c) No caso de menores, fotocopia do libro de familia completo agás dos fillos/as que non convivan no domicilio.

Todos os datos económicos solicitados refírense ó exercicio económico 2018.

d) Xustificante de ingresos mensuais do ano 2018 do pai/nai ou titores , alumnos/as que soliciten axuda , e dos demais membros da unidade de convivencia maiores de dezaseis anos que convivan no mesmo domicilio dos/as alumnos/as para as que se solicita axuda, agás os que non pertencen á unidade familiar.

e) Fotocopia de tódalas follas da declaración da renda 2018 ou no caso de non estar obrigado a facela certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria de Tui.

f) Tamén se computarán os ingresos do cónxuxe ou da parella á cal se atope unido/a, ou por análoga relación, así como dos fillos/as maiores que existan.

Mediante presentación de (SEGUNDO CORRESPONDA):

- Nóminas do ano 2018; ou certificado de retencións emitido pola empresa.
- Certificado do INSS ou entidade pagadora da pensión/s que percibiran no ano 2018.
- Extracto bancario do ano 2018 no caso de percepción de pensións estranxeiras.
- Certificado de alta e prestacións do Instituto Nacional de Emprego;
- Fotocopia de tódalas follas da declaración da renda 2018 ou no caso de non estar obrigado a facela certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria de Tui.

No caso de non poder acreditar a situación económica cos documentos anteriormente apuntados, terán que facer unha declaración responsable dos ingresos familiares.

g) Copia da matrícula no Conservatorio ou Escola e xustificante bancario do pago da mesma.

h) Certificado Conta Cliente, expedido pola entidade bancaria. (Do que terá que ser titular o/a solicitante e de ser menor de idade a persoa que asina a solicitude na súa representación , (pai/nai, titor/titora) .

i) Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

j) No caso de alegar calquera das circunstancias excepcionais descritas no artigo 4º do baremo a aplicar, xustificante das circunstancias alegadas, en documento oficial.

O departamento administración do Conservatorio de Tui. resérvase o dereito a solicitar a documentación necesaria para aclarar a situación socioeconómica.





EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

#### 4ª.- BAREMO A APLICAR:

Definición de unidade familiar : Considéranse membros computables da unidade familiar a efectos de solicitude desta axuda:

Pai e/ou nai (os seus ingresos considéranse ó 100 %)

Solicitante (os seus ingresos, no seu caso, considéranse ó 100%)

Irmáns solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2018 (no seu caso, considéranse ó 50%)

Irmáns maiores de 25 anos só con discapacidade, física, psíquica ou sensorial (os seus ingresos, no seu caso, considéranse ó 50%)

Ascendentes que xustifiquen a súa residencia (os seus ingresos, no seu caso, considéranse ó 50%)

En caso de solicitantes, con unidade familiar independente (os seus ingresos considéranse ó 100 %), serán membros computable o seu cónxuxe (ou análoga relación), (os seus ingresos considéranse ó 100 %) así como os de fillos/as .

SITUACIÓN LABORAL: Por cada un dos membros computables da unidade familiar:

Traballo fixo/indefinido.. e autónomos 0 Puntos

Traballo temporal con contrato, Prestacións , Subsidios, 2 Puntos

Pensionistas SS. ou Clases pasivas 3 Puntos

Familias nas que os ingresos veñan de forma exclusiva de axudas de carácter social. (PNC,RISGA, RAI...) 4 Puntos

#### SITUACIÓN DA VIVENDA

Vivenda Propia 0 Puntos

Vivenda alugada ou amortizando 1 Punto

Vivenda cedida ou en convivencia 2 Puntos

#### OUTRAS VALORACIÓN DE CARÁCTER SOCIAL

##### FAMILIAS NUMEROSAS :

Determinanse como familias numerosas,

Un ou dous ascendentes con tres ou máis fillas ou fillos, sexan ou non comúns.

Un ou dous ascendentes con dúas fillas ou fillos, sexan ou non comúns, sempre que polo menos un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado para traballar.

Dúas persoas ascendentes, cando ambas fosen discapacitadas ou como mínimo, unha delas tivese un grao de discapacidade en grao igual ou superior ao 65%, ou estivesen incapacitados para traballar, con dúas fillas ou fillos,sexan ou non comúns

**O pai ou a nai separados ou divorciados, con tres ou máis fillos**, sexan ou non comúns, aínda que estean en distintas unidades familiares, sempre que se encontren baixo a súa dependencia económica aínda que non vivan no domicilio conxugal.

Dous/dúas ou máis irmáns orfos/as de pai e nai sometidos a tutela, acollemento ou garda que convivan coa persoa titora, acollidora ou gardadora, pero que non estean ás súas expensas.

Tres ou máis irmáns orfos/as de pai e nai, maiores de 18 anos (ou dous, se un deles é discapacitado) que convivan e teñan unha dependencia económica entre eles.

O pai ou a nai con dous fillos, cando teña falecido a outra proxenitora.

\* Categoría Xeral 2 puntos

\* Categoría Especial 4 puntos

Familias nas que algún membro da unidade familiar teña cualificación de GRAO DE MINUSVALÍA legalmente recoñecido, (xustificado mediante a presentación de certificado de minusvalía en vigor,emitido polo EVO da Xunta de Galicia) 3 puntos.

Familias nas que algún dos seus membros teña recoñecido un GRADO E NIVEL DE DEPENDENCIA, (xustificado mediante presentación de fotocopia do ditame proposta do equipo de valoración da dependencia da Xunta de Galicia). 3 puntos.





EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

Familias monoparentais.(certificado en vigor de familia monoparental expedido pola consellería de Política Social) 9 3 puntos.

Núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Para estes efectos, teñen a mesma consideración que o fillo ou a filla:

- 1.º) As persoas unidas ao único proxenitor ou proxenitora por razón de tutela ou acollemento.
- 2.º) O concibido ou a concibida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña maior beneficio.

VALORACION ECONOMICA

TRAMO INGRESOS PONDERADOS		
DESDE... €/ANO	ATA... €/ANO	PUNTOS
- €	7.519,59 €	3
7.519,60 €	15.039,18 €	2
15.039,19 €	22.558,77 €	1
22.558,78 €		0

5ª.- DETERMINACIÓN E PONDERACIÓN DE INGRESOS:

Para a determinación dos ingresos familiares terase en conta, cando sexan debidamente acreditados, os exentos de tributación, prestación de incapacidade permanente ou grande invalidez, prestacións familiares por fillo a cargo, pensión de orfandade ou calquera outro exento de tributación.

Aos ingresos familiares determinados consonte o anterior aplicaráselles, en función do número de membros da unidade familiar, o coeficiente multiplicador corrector seguinte:

Familias de un membro: 1,00.  
Familias de dous membros: 0,90.  
Familias de tres membros: 0,80.  
Familias de catro membros: 0,75.  
Familias de cinco o máis membros: 0,70.

Se algún membro da unidade familiar ou de convivencia é unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondería.

6ª.-IMPORTE DAS BECAS:

O Conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100% do custe da actividade que vaia a desenvolver a persoa beneficiaria, sen que a axuda municipal poida superar a porcentaxe do 70% de dito importe (custe da matrícula), agás nos casos sinalados no artigo 8 da Bases Xerais Tipo Reguladoras da Concesión de Subvencións. Ao seguir especificanse as porcentaxes máxima segundo o baremo de puntos obtido:

PUNTUACION	PORCENTAXE
22/15 inclusive	70%
14/10 inclusive	60%
9/5 inclusive	50%
4/1 inclusive	40%





EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

#### 7ª.-INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUCTOR:

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á Administración do Conservatorio de Tui, os cales realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As actividades de instrución comprenderán:

Petición de cantos informes estime necesarios ou aqueles que sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións. Todos serán emitidos nos prazos regulamentarios para resolver.

Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidas nas bases da convocatoria.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión cualificadora deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

Os instrutores , tendo en conta o expediente e o informe da comisión cualificadora, formulará unha proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificárselles ás persoas interesadas e mediante a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Concederáse un prazo de dez días dende a recepción da notificación, para presentar alegacións, ou a solicitude de reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención que se propón outorgar.

Examinadas as alegacións, de ser presentadas polos interesados/as, os instrutores formularán proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala. Ao expediente engadirase informe no que conste que da información levada a cabo se desprende que os beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereitos a favor do beneficiario/a proposto fronte á Administración mentres non se realice a notificación da resolución definitiva da concesión.

O estudio e, de ser o caso, a concesión ou denegación de axudas económicas, realizarase tralo estudio do bloque de solicitudes presentadas.

#### 8ª.- COMISIÓN CUALIFICADORA:

A comisión cualificadora estará composta polo Sr. Alcalde ou persoa en quen delegue , o director/a, e con voz e sen voto o persoal instrutor do procedemento.

#### 9ª.- RESOLUCIÓN:

Unha vez que realicen todos os trámites relacionados con cada solicitude, a Comisión Cualificadora elaborará proposta de resolución que serán resoltas polo órgano competente no procedemento concedendo ou denegando a subvención.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada.

A resolución pon fin a vía administrativa.

#### 10ª.- REVOGACIÓN DA CONCESIÓN:

A concesión desta axuda poderá ser revogada no caso de ser concedida a alumnos/as que non reúnan algún ou algúns dos requisitos establecidos ou incorran en ocultación ou falseamento de datos. Neste caso o alumno/a deberá reintegrar o importe da axuda incrementado cos intereses de demora correspondentes dende a data da súa concesión.

#### NORMAS SUPLETORIAS.

No non previsto nestas Bases Particulares será de aplicación a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; e o Regulamento da Actividade de Fomento deste Concello. “

**Segundo** .- Dar traslado da presente resolución ó Conservatorio Profesional/Escola de Música Municipal de Tui, e ó Pleno corporativo na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e o asina o Sr. Alcalde, en Tui, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

Enrique Cabaleiro González





EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

Documento asinado dixitalmente ao marxe

